



CONCELLO DE ZAS

As Torres do Allo pechan ao público ata o 31 de marzo

Ademais, como medida preventiva, o Concello de Zas cancela dende hoxe e ata novo aviso todas as actividades municipais

12/03/2020. – Co fin de garantir a saúde de toda a poboación e de contribuír ao freo da propagación do coronavirus, o Concello de Zas vén de adoptar unha nova medida que implica o **peche ao público das Torres do Allo ata o 31 de marzo.**

A veciñanza poderá seguir desfrutando do pazo máis antigo de Galicia a través da súa páxina web e das súas redes sociais onde atopará datos históricos e outra información de interese sobre o edificio e o seu contorno.

O persoal encargado da xestión das Torres do Allo continuará traballando estes días na preparación das diferentes actividades encamiñadas á promoción do monumento e á súa posta en valor e que se retomarán que a situación volva á normalidade.

Outras medidas polo COVID19

Como anunciamos onte, o Concello de Zas cancela a partir de hoxe e ata novo aviso todas as actividades municipais entre as que se inclúen: ximnasia polas parroquias, ximnasia terapéutica/pilates, zumba, manualidades, bordado, calceta, tapicería, cestería, Escola de Teatro Infantil, Escola de Teatro para Adultos, Escola de Música Moderna, tiro con arco, fútbol (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete), patinaxe, taekondo, balonmán, judo, tenis de mesa, escolas deportivas así como todas as actividades extraescolares organizadas polo Concello de Zas, baile para maiores, programa de actividades “Zas pola Igualdade”, sesión de contacontos infantil do programa “Ratos nas bibliotecas”.

Ademais, destas medidas o Concello de Zas vén de publicar un novo paquete de medidas entre as que se inclúen:

- Limitación a casa de urxencia e de extrema necesidade a atención ao público nas dependencias municipais. Para iso é necesario chamar previamente ao teléfono do Concello (981 70 83 03) ou no correo electrónico correo@concellodezas.org
- Os trámites poderán realizarse a través da sede electrónica do Concello de Zas (<https://sede.concellodezas.org/>)
- Suspensión de todas as actividades (cursos, obradoiros,...) que por parte das asociacións, agrupacións, veciños,... que se leven a cabo en edificios ou instalacións municipais

- Suspensión da Feira de Baio e do mercado mensual de Zas

Recomendacións

Por outra parte, dende o Concello de Zas rogámoslle a toda a veciñanza que adopte as medidas de prevención establecidas polas autoridades sanitarias e recordamos que o número de teléfono de información á cidadanía sobre o COVID-19 é o 900 400 116.